

**FICHA DE PRESENTACIÓN DE UNA PREGUNTA PARLAMENTARIA  
CON SOLICITUD DE RESPUESTA ESCRITA (Artículo 130)**

**Elegir un solo destinatario:**

PRESIDENTE DEL CONSEJO EUROPEO

CONSEJO

VICEPRESIDENTA / ALTA REPRESENTANTE

COMISIÓN

Pregunta prioritaria

AUTOR(ES): María Lía Senra Rodríguez

ASUNTO: (especificuese) Inclusión da CRTVG nos informes do Observatorio do pluralismo dos medios

## TEXTO:

O informe de 2016 (1) do Observatorio do pluralismo dos medios de comunicación, que dirixe o Instituto Universitario Europeo e que financia a Comisión Europea, apreciou un risco medio e alto no Estado español no que respecta á pluralidade e á concentración da propiedade no sector dos medios de comunicación e de aplicación das normas de competencia.

A situación na Galiza é especialmente preocupante no que respecta á Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG), onde o deterioro e uso partidista é un continuo, convertindo a canle pública galega nun voceiro ao servizo do PP. A man dura por parte dos directivos cos traballadores que se atreven a denunciar a manipulación fixo que se chegase a abrir un expediente disciplinario con ameaza de despido a unha traballadora, cando nos máis de 30 anos de vida do ente a penas se utilizou este recurso de ameaza e control do persoal. O orzamento reduciuse de 148 millóns de euros no 2007 a 107 este ano; e o persoal pasou de 1200 traballadores no 2009 a 952 hoxe (o 38% son temporais).

Pode a Comisión instar ao Instituto Universitario Europeo para que analice nos informes que elabore a partir de agora a situación que se vive na CRTVG?

(1) <http://cmpf.eui.eu/media-pluralism-monitor/mpm-2016-results/spain/>

Firma(s):

Fecha: 31/08/2018

